


SOPRO



Nesta actividade en lugar de empregar bote de fairy ou gel, podedes facelo soprando

Se non tedes pelotas de ping pong podedes facelas con papel albal, folios, pompones, etc...

Nestes xogos podedes participar toda a familia para traballar a capacidade pulmonar (cousa que nos vai vir ben esta tempada, jejeje)


Motricidade



Nestas actividades imos traballar un pouco máis coas máns. Se non tedes forma de pegar os macarróns ou palliñas, podes deixalas unha cunca e que as vaian metendo nun fío o lá.



Os números

Neste caso podeades empregar materiais variados con plastilina en bolitas, pinzas da roupa, palliñas, pompóns, tapóns de botellas, huelliñas de dedos con pintura de dedos, rolos de papel, etc... intentade variar un pouco o material a empregar para que a motivación non falte.




Formas xeométricas e orientación:

Podedes empregar espaguetis, palillos, etc.. Para que formen as figuras.



Nesta actividades podedes pedirles aos nen@s que busquen pola casa cousas redondas, cuadradas, rectangulares e triangulares, clasificalas despois en grupos, e aproveitar a facer o trazo no papel empregando os obxectos que atoparon. Despois podedes exudarlles a recortar formas con folios de cores e pegar cuadradiños dentro dun cuadrado grande e así co resto das formas.




Lecto-escritura:

Intentade decirlles o son da letra (fonema), e que constrúan palabras de algún xoguete, o seu nome, o voso nome, unha comida, etc... Escríbideo vos primeiro con letras maiúsculas decíndolles os sons das letras (eu traballoas por fonemas, así é máis divertido e sinxelo para eles).



Xogos para a familia



Envíovos o xogo do parchís para que poidades imprimilo ou ben copialo.

E non esquezades disfrutar xogando cos vosos nen@s. E o momento de recuperar tempos perdidos por motivos de traballo e do día a día.